

O GALEGO ANTIGO E A LÍRICA MEDIEVAL

1. A IDADE MEDIA

1.1. CONTEXTO HISTÓRICO E CULTURAL

Idade Media: último terzo do s.V (476, caída do Imperio Romano) – finais do s.XV

Alta Idade Media (s.V- s.X)

Baixa Idade Media (s. XI – s. XV)

Sistema político, social e económico fundamental: feudalismo

Aumento da poboación

Diversificación da economía

Movemento culturais e artísticos: románico, gótico.

Crise agraria, Peste Negra, guerras...

1.2. GALICIA NA IDADE MEDIA

Economía predominantemente agrícola e mariñeira.

Actividade artesanal empeza nos burgos.

Estrutura social xerarquizada e desigual.

Dominio cultural da Igrexa católica.

Eta de máximo esplendor : Era Compostelá (séculos XII e XIII)

Decadencia: mediados do s.XIII. Galicia pasa a depender primeiro dos reinos de León e logo do de Castela.

Causas da decadencia:

-Independencia de Portugal da man de Afonso Henriques no 1128

-Perda do reino de Galicia co encarceramento do rei don García por parte do irmán Afonso VI de León.

-Unificación das coroas de Galicia, León e Castela durante o reinado de Fernando III en 1230.

-Guerras de sucesión no XIV e XV. A nobreza galega apoiou o bando perdedor.

-Estancamento económico: malas colleitas por factores naturais, Peste Negra, Revoltas Irmandiñas.

2. O GALEGO ANTIGO

2.1. CONTEXTO HISTÓRICO E CULTURAL

Tres grandes períodos:

GALEGO ANTIGO (galego-portugués): s. XI – fins do

s.XV GALEGO MEDIO: XVI, XVII e XVIII

GALEGO MODERNO: s.XIX – hoxe

GALEGO ANTIGO (galego-portugués): s. XI – fins do

s.XV Naceu na Gallaecia romana: Galicia

Norte de Portugal ata o río Douro

Franxa occidental de Asturias, León e Zamora

Normalidade lingüística. Sociedade monolingüe.

Un dos romances máis prestixiosos da Península Ibérica.

Supomos que as linguas románicas acadan a súa madurez a partir do s.VIII.

Documentos máis antigos coñecidos en galego-portugués: último cuarto do XII.

Galicia vive un brillante período. Compostela é un foco dinamizador da vida social e cultural da Europa meridional.

2.2. EVOLUCIÓN DO GALEGO ANTIGO OU GALEGO-PORTUGUÉS

As diverxencias entre o norte e o sur do Miño eran exiguas ata o s.XIII.

Portugal independízase como reino autónomo no XII da man de Afonso Henriques (Afonso I de Portugal). Lingua oficial impulsada pola corte e levada a África, Asia e América polos conquistadores lusos.

Pola contra: marxinación do galego a partir do XV.

2.3. PERIODIZACIÓN DO GALEGO ANTIGO (Séculos IX-XV)

A) ETAPA PRIMITIVA OU PRELITERARIA (sécs. IX-XIII). GALEGO PROTOHISTÓRICO. Consérvanse documentos nun latín moi corrompido.

B) ETAPA DO GALEGO ESCRITO (sécs. XIII-XV).

-ÉPOCA TROBADORESCA (1200-1350).

ESPLENDOR da nosa literatura: ESCOLA LÍRICA GALEGO-PORTUGUESA.

O galego antigo era unha lingua normalizada e gozaba de gran prestixio, disputándolle ao latín a condición de lingua de cultura e da administración. Ademais de na literatura, o noso idioma cultivábase nas áreas da administración civil e de xustiza (testamentos, actas, sentenzas...), na economía, na ciencia e na técnica (tratados...), etc.

-ÉPOCA POSTROBADORESCA (1350 -1500)

DECADENCIA: ESCOLA LÍRICA GALEGO-CASTELÁ.

Debido aos conflitos dinásticos ou guerras sucesorias, boa parte da nobreza autóctona estará obrigada a claudicar ante a chegada dunha clase aristocrática foránea.

Conflitos dinásticos:

Enfrontamento entre Pedro I e o seu irmán Henrique de Trastámara.

Loita entre Xoana a Beltranexa e Isabel a Católica.

Galicia convértese nun satélite do reino castelán, sen chancelería nin corte que favoreza a oficialización da lingua e iniciándose así un longo proceso de minorización do noso idioma.

2.3.1. O galego antigo ata 1350

No s.IX, e mesmo antes, se empregaba unha lingua oral diferente abondo do latín vulgar.

Aínda que o latín empregábase nos usos escritos, xa resultaba de difícil comprensión e progresivamente comeza a aparecer nos textos o romance galego-portugués.

O galego antigo comeza a disputarlle ao latín a condición de lingua de cultura e da administración.

O galego-portugués goza de gran prestixio, xa que trovadores medievais foráneos troban na nosa lingua.

Época de esplendor do galego medieval, da Escola Lirica Galego-Portuguesa. A finais desta etapa xorden as primeiras obras historiográficas e en prosa literaria.

O galego emprégase na literatura, na administración civil e de xustiza (testamentos, actas...), na economía, na ciencia e na técnica (tratados), na vida eclesiástica e relixiosa, etc.

Todos os documentos públicos e privados son redactados na lingua que a sociedade entende e fala: o galego. Era, polo tanto, unha lingua normalizada.

2.3.2. O galego antigo desde 1350

A mediados do s.XIV Galicia perde poder, polo que a súa situación cultural e lingüística empeora.

Causas: conflito dinástico ou guerras sucesorias.

-1ª. Enfrontamento polo trono de Castela entre Pedro I e o seu irmán Henrique de Trastámara. A nobreza galega laica apoiou a don Pedro, que resultou derrotado.

-2ª. Loita sucesoria entre Xoana a Beltranexa (filla de Henrique IV de Trastámara) e a súa tía Isabel a Católica. A nobreza galega apoio o bando perdedor, entran os Reis Católicos e someten a nobreza galega.

Galicia convértese nun satélite do reino castelán.

-Non ten Chancelería nin corte que favoreza a oficialización da lingua.

-Os Reis Católicos impoñen o castelán como lingua administrativa; todos os documentos elaborados no noso territorio terán que ser redactados en castelán. Iníciase a minorización do noso idioma.

Co tempo, a nobreza autóctona claudica ante unha clase aristocrática foránea. Castelanización da clase dominante galega.

2.4. CARACTERÍSTICAS LINGÜÍSTICAS DO GALEGO ANTIGO.

Variabilidade lingüística e inestabilidade gráfica, debido á ausencia dunha tradición escrita en romance e á tendencia a adaptar a ortografía latina ao galego-portugués.

FONOLOXÍA	VOCALISMO	Vogais nasais		MANU > mão
		Abundancia de hiatos		VIDERE> veer
	CONSONANTISMO	Seis sibilantes	Xordas	Vosso, coração, leixar
			Sonoras	Rosa, dizer, jamais

MORFOLOXÍA	Xénero invariable -or, -és...		O senhor/a senhora
	Pronome TE como CD e CI		Falei-te (faleiche)
	Mesóclise pronominal		Riir- <u>s'</u> -han (riranse)
	Tempos compostos con AVER		Avian falado
	Participios en -UDO para certos verbos da 2ªC		Perdudo, connoçudo...

SINTAXE	Artigo partitivo		Deitar do leite
	Uso do posesivo sen artigo		Seu escudo aos peitos
	Concordancia nos tempos compostos entre participio e CD		A fe que me avia <u>jurada</u>
	Emprego de dúas negacións		<u>Nem</u> madre, <u>nem</u> parente <u>nom</u> a podiam d'aly tirar.

LÉXICO	Galicismos	Dama, sage (sabio)...
	Provenzalismos	Assaz (bastante), trobar, segrel, solaz (pracer)...
	Arcaísmos (voces hoxe desaparecidas)	Vegada (vez), eire (onte)...

A partir da metade do XV, coincidindo coa decadencia da lírica galego-portuguesa, aparecen diferenzas nos textos entre o que van ser as dúas linguas:

GRAFÍA	-Vacilación b/v: cabalo /cavalo -Vacilación nas sibilantes xordas e sonoras: passo/paso -Preferencia -nn- e -ll- fronte a -nh- e -lh-: sennor/senhor, moller/molher -Preferencia ditongo -oi- fronte a -ui-: moito/muito
MORFOSINTAXE	-Aparición do pronome persoal átono CHE alternando con TE -Alternancia de formas rematadas en -O coas rematadas en -E na 3ªp.sg.dos perfectos irregulares: feze/fezo, disse/disso

3.1. CLASIFICACIÓN:

LÍRICA	PROFANA	XÉNEROS MAIORES	Cantiga de amigo
			Cantiga de amor
			Cantiga de escarnio e maldicir
	RELIXIOSA	XÉNEROS MENORES	Pranto Tenzón Pastorela, etc
			<i>Cantigas de Santa María</i>

Páxina 168: entra o punto 4.1 (Xénese da lírica medieval galego-portuguesa), o punto 4.2 non entra (Teses).

Páxina 169: entra o punto 4.3 (Ámbito xeográfico), os datos importantes da cronoloxía (punto 4.4) están no esquema.

CRONOLOXÍA DA LÍRICA MEDIEVAL: (páxina 169-170)

Período comprendido entre finais do século XII e a segunda metade do século XIV.

ETAPA PRIMITIVA (1175-1245)	-Aparición das primeiras obras. -Influencia provenzal.
ETAPA DE ESPLENDOR (1245-1354) Segunda metade do século XIII e a primeira do século XIV	-Reinados de Afonso X en Castela e o seu neto don Denis en Portugal. -Os dous monarcas foron autores de numerosas composicións e foron grandes mecenas da cultura.
ETAPA DE DECADENCIA (1354-1445) A partir da segunda metade do século XIV	-A morte de don Pedro, conde de Barcelos, no 1354 márcase como data do inicio da decadencia, débese a ser considerado este como o último mecenas da lírica galego-portuguesa. -Perda do poder da nobreza galega. -Progresiva esmorecemento da lírica trobadoresca. -Escola galego-castelá. - <i>Cancioneiro de Baena</i> . Poetas bilingües.